GRACIA PLENA

(Esp. pra "ALBORADA")

¡¡Canta beleza, neniña,
canta grácil fermosura
ten a tua nenéz pura
feita da gracia divina!

¡Deus te conserve, belida,
pra que contigo se goce
un mozo dino e, do roce
alente unha nova vida!

¡Deus faga que, xermolando
na tua carne os amores,
nazan de ti novas frores
outros amores inzando!

¡Deus faga que poidas ter
despois do connubio amante
outra vida latexante
no íntimo do teu ser!

¡Deus te faga ben amada
e dina do grande amor
coma aquel do labrador
diante da leira labrada!

¡Pois, dos amores trebuto,
e, logo da sementeira
é moi doce ver a leira
acogulada de fruto!

¡Que bon homaxe che renda
a boa xente ó te mirar,
que teime de te loubar
e ninguén xamais te ofenda!

¡Que, com-á nai nazarena,
as xentes de fidalguía
che digan: "Ave Maria"
e repitan: "Gracia Plena"!

Avelino DIAZ

Bos. Aires.

Temor a la Palabra Tuberculosis

Para muchísima gente la palabra tuberculosis tiene un terrible significado. Se la supone una enfermedad incurable, que exige mucho dinero para ser tratada. Hasta no hace mucho se creía que ningún tuberculoso se curaba por menos de un viaje a Suiza o de una larga estada en un sanatorio.

Los grandes progresos de la medicina en el tratamiento de la tuberculosis inicial han cambiado totalmente el panorama. Hoy, en muchísimos casos, la tuberculosis puede ser curada en corto tiempo y con escaso sacrificio de parte del enfermo.

Para ello es necesario que el descubrimiento de la enfermedad sea precoz. No hay que esperar que la tuberculosis dé signos notables. Es necesario sospecharla cuando haya catarros prolongados, resfríos mal curados, pérdida del apetito o cualquier otro signo de malestar.

No hay que ser temeroso, pero sí prudente. No debe olvidarse que la tuberculosis es una enfermedad que: tratada cura y, abandonada mata. Y hoy el tratamiento de esta enfermedad ha alcanzado grandes progresos. Tales que la palabra tuberculosis ha perdido su significado terrible.

Publicación solicitada y controlada por el Centro de Investigaciones Tisiológicas. Ley 12.098.